



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 14/07/2011

ACTA Nº 6

ASISTENTES:

D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
D. José Castor Novoa Rodríguez.
D^a María Cándida Carnero Blanco.
D. Manuel Diéguez Carballo.
D^a Pamela Fernández Aguila.
D. Xesús Mazaira Varela
D. Dona Olga Otero Gómez
D. Ramón Fernández Reinoso
D^a María Paz Polo Fernández
D. Don Víctor López Gómez
D.^a Xosé Manuel Ledo Fernández
D^a. Raquel López Rodríguez

Excusou a súa asistencia:

- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz

SECRETARIO:

Jesús A. Ledo Cores. Segundo decreto do 16/05/2011

INTERVENTORA:

D^a Mónica Legaspi Díaz.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as 20 horas do día catorce de xullo de dous mil once, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria ao abeiro do establecido no artigo 38 do ROF.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a trata-la seguinte



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

ORDE DO DÍA:

1º.-Designación de representantes do Concello nos órganos colegiados.-Dando cumprimento ó establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a seguinte proposta conxunta de acordo ao Pleno do Concello de Chantada:

“PRIMEIRO.- Designar como representantes do Concello de Chantada en órganos colexiados, aos seguintes concelleiros:

Representante no I.E.S "Lama das Quendas": Don Manuel Diéguez Carballo

Representante no I.E.S "Val do Asma": Dona Raquel López Rodríguez

Representante no C.E.I.P. "Xoán de Requeixo": Dona M^a Paz Polo Fernández

Representante no C.E.I.P. "Eloísa Rivadulla", Dona Pamela Fernández Águila

Representante no Centro de Preescolar, Don José Castor Novoa Rodríguez

Representante no Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Don Ildefonso José Piñeiro Díaz

Representante na Gardería Municipal, Dona Cándida Carnero Blanco e Dona Laura Trinidad Rodríguez Suárez.

Representante no G.D.R., don Ramón Fernández Reinoso.

Representante na Mesa Local de Comercio, don Jesús Mazaira Varela e don José Manuel Ledo Fernández.

SEGUNDO. - Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo aos órganos respectivos.”

Sen debate previo pasouse á votación da proposta conxunta formulada que foi aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación e, xa que logo, quedou adoptado o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Designar como representantes do Concello de Chantada en órganos colexiados, aos seguintes concelleiros:

Representante no I.E.S "Lama das Quendas": Don Manuel Diéguez Carballo

Representante no I.E.S "Val do Asma": Dona Raquel López Rodríguez

Representante no C.E.I.P. "Xoán de Requeixo": Dona M^a Paz Polo Fernández

Representante no C.E.I.P. "Eloísa Rivadulla", Dona Pamela Fernández Águila

Representante no Centro de Preescolar, Don José Castor Novoa Rodríguez

Representante no Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Don Ildefonso José Piñeiro Díaz

Representante na Gardería Municipal, Dona Cándida Carnero Blanco e Dona Laura Trinidad Rodríguez Suárez.

Representante no G.D.R., don Ramón Fernández Reinoso.

Representante na Mesa Local de Comercio, don Jesús Mazaira Varela e don José Manuel Ledo Fernández.

SEGUNDO. - Publicar integramente o acordo que resulte no Taboleiro de Anuncios desta Entidade e notificarlo aos órganos respectivos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2º.-Indemnizacións e asistencias aos membros da corporación e asignacións económicas a grupos políticos. Dando cumprimento ao establecido no artigo 21, 22 e 75 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, así como no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo Pleno.

Así mesmo, só os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que aprobe o Pleno.

Ámbolos dous supostos de indemnizacións e asistencias segundo o establecido no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, de aplicación.

Sométese a seguinte proposta conxunta de acordo ao Pleno do Concello de Chantada:

“PRIMEIRO. - Determinar que os membros da Corporación perciban, de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/85, as seguintes cantidades en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva a cada unha das sesións dos órganos colexiados municipais do que formen parte:

a) Sesións do Pleno da Corporación: 50 euros por cada sesión.

b) Sesións da Xunta de Goberno Local: 40 euros por cada sesión.

c) Comisións informativas e Mesas de Contratación: 30 euros por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais por cada un dos órganos colexiados ós que se asista efectivamente.

O Presidente dos órganos colexiados municipais percibirá adicionalmente 50 euros como compensación polo tempo de preparación dos asuntos a tratar e demais funcións atribuídas polo artigo 23 da Lei 30/92, cun máximo retribuíble de dúas presidencias mensuais por cada un dos órganos colexiados municipais no que exerzan o dito cargo.

Para que poida apreciarse a concorrencia efectiva, os concelleiros deberán presentarse no lugar de celebración da sesión na hora da súa convocatoria. Transcorridos como máximo vinte minutos desde a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano colexiado que non estean presentes non poderán figurar na acta correspondente nin reivindicarán ao seu favor o dereito ao cobramento da asistencia anteriormente regulada.

SEGUNDO: Determinar que todos os membros da Corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, sempre que sexan debidamente autorizados e xustificados nos termos e contías que se fixan non Real Decreto 462/2002, de 24 de maio (B.O.E. nº 129/2002, de 30 de maio), por asimilación para os membros corporativos municipais co Grupo 1 do Anexo I. Incorpórase como Anexo a esta proposta de alcaldía o modelo de proposta de gasto a cumprir en concepto de comisións de servizo por membros corporativos.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

TERCEIRO.-Asignar as seguintes cantidades fixas e variables en función do número de membros de cada grupo político:

- 100 euros/mes por grupo municipal, e 50 euros/mes por concelleiro o que supón 350 euros/mes para o Grupo Municipal Independentes de Chantada, 250 euros/mes para o grupo municipal do PP, 250 euros/mes para o grupo municipal do BNG e 200 euros/mes para o grupo municipal do PS de G-PSOE.

CUARTO.-Autorizar os gastos que comportan os precedentes acordos con cargo ás partidas correspondentes do vixente presuposto xeral.

QUINTO. -Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade.”

Sen previo debate pasouse á votación da proposta conxunta que foi aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación e xa que logo acordouse:

PRIMEIRO. - Determinar que os membros da Corporación perciban, de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/85, as seguintes cantidades en concepto de asistencias pola

concorrenza efectiva a cada unha das sesións dos órganos colexiados municipais do que formen parte:

a) Sesións do Pleno da Corporación: 50 euros por cada sesión.

b) Sesións da Xunta de Goberno Local: 40 euros por cada sesión.

c) Comisións informativas e Mesas de Contratación: 30 euros por cada sesión, cun máximo retribuíble de dúas sesións mensuais por cada un dos órganos colexiados ós que se asista efectivamente.

O Presidente dos órganos colexiados municipais percibirá adicionalmente 50 euros como compensación polo tempo de preparación dos asuntos a tratar e demais funcións atribuídas polo artigo 23 da Lei 30/92, cun máximo retribuíble de dúas presidencias mensuais por cada un dos órganos colexiados municipais no que exerzan o dito cargo.

Para que poida apreciarse a concorrenza efectiva, os concelleiros deberán presentarse no lugar de celebración da sesión na hora da súa convocatoria. Transcorridos como máximo vinte minutos desde a hora da convocatoria da sesión, os membros do órgano colexiado que non estean presentes non poderán figurar na acta correspondente nin reivindicarán ao seu favor o dereito ao cobramento da asistencia anteriormente regulada.

SEGUNDO: Determinar que todos os membros da Corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, sempre que sexan debidamente autorizados e xustificados nos termos e contías que se fixan non Real Decreto 462/2002, de 24 de maio (B.O.E. nº 129/2002, de 30 de maio), por asimilación para os membros corporativos municipais co Grupo 1 do Anexo I. Incorporárase como Anexo a esta proposta de alcaldía o modelo de proposta de gasto a cumprir en concepto de comisións de servizo por membros corporativos.

TERCEIRO.-Asignar as seguintes cantidades fixas e variables en función do número de membros de cada grupo político:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- 100 euros/mes por grupo municipal, e 50 euros/mes por concelleiro o que supón 350 euros/mes para o Grupo Municipal Independentes de Chantada, 250 euros/mes para o grupo municipal do PP, 250 euros/mes para o grupo municipal do BNG e 200 euros/mes para o grupo municipal do PS de G-PSOE.

CUARTO.-Autorizar os gastos que comportan os precedentes acordos con cargo ás partidas correspondentes do vixente presuposto xeral.

QUINTO. -Publicar integramente o acordo que resulte no Boletín Oficial da Provincia e fixalo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade.”

Sendo as vinte horas e quince minutos e, téndose cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 14 de xullo de 2011
O Alcalde

O Secretario Acc.

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez

Asdo. Jesús Angel Ledo Cores